

Hai pouco falabamos nestas páxinas da importancia de traer á nosa escena textos de autores como Martin McDonagh, dramaturgo angloirlandés que recrea unha Irlanda para moitos mítica, por republicana e gaélica, mais ensuñada en tradicións e contradicións, como a pegada inmensa da igrexa católica e apostólica en tantos usos e costumes. Mundos propostos agora que seguen a mostrar a mesma atmosfera abafante que retratara John Millington Synge. En 1907 o movemento republicano rexeitou con violencia un texto seu, *The Playboy of the Western World*, por “sacrílego”.

Pero aquí mesmo, nas nosas letras galegas, temos autores coa mesma fondura analítica; textos como *Alén*, de Xaime Quintanilla, *Branca*, de Luís Manteiga,

ron os homes e mulleres da súa xeración, que viron como o mundo novo, que traía a IIª República, se tornou inferno escuro en 1936. A expulsión do paraíso é unha imaxe coa que se simboliza esa derrota, que unhas veces se presenta no plano colectivo e outras no individual; dous planos que acaban por fundirse en *A chave na porta*, dura denuncia dos camiños do mundo, que para os galegos e galegas adoitan ser sinónimo de emigración. Así se van reconstruíndo os dramas recorrentes dunha terra

A poética da derrota en Jenaro Marinhas

MANUEL F. VIETES

cisa de teatro que Marinhas propón unha e outra vez, e que insiste na vontade de indagación e de innovación, na formulación dun teatro novo que tardaría bastantes anos en agromar nos escenarios do país. Estamos pois diante dun rico mosaico de pezas, moi diversas e aínda por explorar, que conteñen importantes desafíos para os nosos creadores e creadoras, pero tamén para as persoas que se ocupan da investigación da nosa literatura.

Especial atención merece o texto titulado *Ramo cativo*, que o autor

concibe como un “folc-drama en tres estancias”. Trátase dunha recreación da lenda milenaria que Ramón María del Valle Inclán tomou como pretexto para a súa novela *Flor de Santidad*, e que, en efecto, se concibe e se formula como un auténtico folc drama, na liña aberta por Dou-

Obra completa

O volume que presentamos recolle, en máis de cincocentas páxinas, a obra dramática completa de Jenaro Marinhas. Son, en total, trinta e unha pezas, entre as que se inclúen cinco textos inéditos. Como responsables da edición temos a Alexandrina Fernández Otero e a Lino Braxe, nunha iniciativa promovida pola editorial Espiral Maior e secundada pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. Complementa o conxunto un estudo preliminar dos editores, que serve para situar a obra no contexto da súa creación, e un prólogo de Pablo González Mariñas, emparentado co dramaturgo. Neste último traballo atopamos unha interesante reflexión a respecto da visión da obra de arte como autorretrato do artista; o seu autor lembra como Jenaro Marinhas pensaba que aquel que diseña unha historia acaba por deseñar a súa propia historia. Certamente toda a obra de Jenaro Marinhas do Valle ten esa dimensión. Constitúe un testemuño dunha época, dun contexto, dunhas circunstancias, dunha vida. Nado na Coruña en 1908, foi un activo militante do movemento galeguista, se ben na súa obra semella agromar un certo pulo anarquista, pois entre os trazos cos que se podería caracterizar a súa traxectoria vital está un inconformismo cheo de consecuencia e valentía, sempre matizado cunha visión franciscana da vida. Mesmo no plano lingüístico, coa súa aposta polo reintegracionismo. Non podemos esquecer este aspecto, se queremos ser leais coas decisións e as posicións que tomou e defendeu, mesmo sabendo os atrancos implícitos en certas escollas, que tanto afectaron a recepción da súa obra literaria, pois tampouco tivo moita fortuna nas terras de alén Miño. Tampouco en Galicia, nin antes nin agora, se prestou moita atención á súa obra, malia algunhas estreas esporádicas, pasadas ou recentes. Mesmo así, debemos lembrar que estas trinta e unha pezas constitúen un documento ben interesante para coñecer a historia do país, da nosa cultura e da nosa literatura, para afondar na análise da conducta humana e na ética do comportamento, para explorar os vieiros formais do drama. No seu conxunto, tamén son unha reflexión, ao mesmo tempo lúcida e aceda, sobre as circunstancias individuais e colectivas nas que varias xeracións de galegos e galegas coñeceron o sabor agre da derrota, do infortunio, da desgraza.

Dramas da terra engurrada e vella

Vinte mil pesos crime, de Bernardino Graña, ou *O cabodano*, de Euloxio Ruibal. Entre os autores a recuperar para as nosas letras e na nosa escena tamén temos a Jenaro Marinhas del Valle, con traballos tan salientables como *Ramo Cativo* ou *A revolta*. Propostas literarias que só precisan dunha man amiga para ser teatro.

A revolta foi o texto gañador do Premio Castelao de Teatro Galego na edición de 1965. Nese mesmo ano a Editorial Galaxia publicaba o volume *A revolta e outras pezas*, que constituía unha mostra substantiva das posibilidades dun xénero que destacaba pola calidade das achegas de Ramón Otero, Álvaro Cunqueiro, Bernardino Graña ou Xohana Torres, mais con escasa transcendencia nunha escena practicamente muda. Aquela peza, tan interesante aínda hoxe, serve para exemplificar algúns dos trazos máis substantivos da poética de Marinhas: unha preocupación permanente pola circunstancia do ser humano e pola dimensión ética das súas decisións e unha clara vontade de innovación, de apertura de vieiros novos no plano formal.

Unha poética asentada, unha vez máis, na recreación permanente da derrota, a que tamén padece-

vella e engurrada, habitada por homes e mulleres, os presentes e os ausentes, para os que o futuro era unha simple negación. Por iso *A revolta* presenta unha aporía, por ser, a un tempo, tanto defensa da insubmisión como constatación da súa inviabilidade.

Mais *A revolta*, como outras pezas singulares recollidas no volume, tamén mostra, na súa dimensión textual, unha idea pre-

glas Hyde e continuada por J. M. Synge, en Irlanda, ou por Antón Villar Ponte, en Galicia, sen esquecer ao propio Valle, pois as súas comedias bárbaras non deixan de ser, na súa esencia, verdadeiros folc dramas. Un drama propio dunha terra habitada por xentes sometidas, dominadas polas crenzas e supersticións, como a posesión demoníaca, que habilmente mantiña a Santa Igrexa Católica. Como en Irlanda.

